



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 15 de marzo de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente do día 17 de marzo de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B). (Diario Oficial de Galicia número 52, do 16 de marzo de 2022).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se modifica a resolución que aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0040 dirixido a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de Pintura Mural en 2021. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "subvención para o festival de arte pública urbana na modalidade de pintura mural, Cromático Mural Festo 2021, co importe de concesión subvención 22.241,55 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 51, do 16 de marzo de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 390/2022 e remata coa resolución da Alcaldía número 435/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
390/2022	11-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de marzo de 2022
391/2022	11-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
392/2022	11-03-2022	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 60, letra D para depositar as cinzas de SAR, falecida o día 11 de xaneiro de 2022
393/2022	11-03-2022	Aprobar a listaxe de altas e baixas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2021-2022 mes de marzo
394/2022	11-03-2022	Aprobación de estruturas móbiles para actos 8M en Cambre 2022
395/2022	14-03-2022	Solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 20 de xaneiro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B)
396/2022	14-03-2022	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 140 euros. Solicitante: CFV
397/2022	14-03-2022	Conceder a axuda aluguer por importe de 390 euros. Solicitante: MT
398/2022	14-03-2022	Conceder a axuda aluguer por importe de 440 euros. Solicitante: DGD
399/2022	14-03-2022	Conceder a axuda aluguer por importe de 350 euros. Solicitante: VMGP
400/2022	14-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 43.135,66 euros
401/2022	14-03-2022	Proposta de aprobación de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias por reparacion de sinistros
402/2022	14-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 88.035,79 €
403/2022	14-03-2022	Convenio promoción do baloncesto 2020
404/2022	14-03-2022	Conceder a licenza municipal para a instalación de dous postes de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		madeira co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita na Grela, no Concello de Carral. Solicitante: TdeE, SA
405/2022	14-03-2022	Declaración de caducidade e inicio do expediente de ruína en Sarnoso, Brexo. Denunciado: herdeiros de JLCL
406/2022	14-03-2022	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 250 euros. Solicitante: PAPB
407/2022	14-03-2022	Expediente sancionador por música no piso sito en Paseo Templarios, O Temple. Infractor: CARG
408/2022	14-03-2022	Expediente sancionador por vertidos de entullo en Sigrás de Abaixo. Responsable: MAGP
409/2022	14-03-2022	Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. expediente num.2 A por importe de 4.822,27 euros
410/2022	14-03-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas. (plan único de concellos) pos+ adicional 2/2020, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe 4.209,24 euros, así como o seu pagamento
411/2022	14-03-2022	Expediente sancionador por vertidos en Leiras por JMAA
412/2022	14-03-2022	Aprobación da organización da fase comarcal do xadrez escolar dentro do programa do deporte escolar XOGADE (Xunta de Galicia)
413/2022	14-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de peches diversos na parcela sita en Cobelo, Pravio. Propiedade: VGG
414/2022	14-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución dunha nova construción sen título habilitante, en Gamelas, Anceis. Titular: herdeiros de LNR
415/2022	14-03-2022	Contrato menor Manel Cráneo Abrilustrado 2022
416/2022	14-03-2022	Execución das obras urbanizadoras correspondentes á urbanización Pumariega situada no lugar de Piñeiro, parroquia de Brexo
417/2022	15-03-2022	Celebración voda civil o día 19 de marzo de 2022 ás 13:30 horas
418/2022	15-03-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de febreiro 2022
419/2022	15-03-2022	Solicitude subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o ano 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade EDUCACION-CONCILIA CAMBRE
420/2022	15-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMS
421/2022	15-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MIVC
422/2022	15-03-2022	Denegar a axuda alimentación por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza. Solicitante: MJVM
423/2022	15-03-2022	Conceder a licenza municipal para a ocupación de 36 m ² de vía pública polo prazo de 1 mes na praza Casares Quiroga, parroquia de Cambre, fronte ás fachadas posterior e lateral do edificio sito na rúa Río Brexa, para a instalación dun andamio con motivo das obras



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de reparación e revestimento das fachadas das bufardas do citado edificio. Solicitante: JMBC
424/2022	15-03-2022	Expediente sancionador pola realización de actos na finca sita en Aian, Sigrás, consistentes en movementos de terras, eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e a realización de dous tramos de cerramentos de postes e malla e un cerramento vexetal, así como modificacións dun curso natural de auga a NCF
425/2022	15-03-2022	Nomeamento administrativo interino adscrito a intervención
426/2022	16-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMRR
427/2022	16-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CMGA
428/2022	16-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola instalación dun toldo sen título habilitante na Castellana, Cambre. Propietario: MVM, MCPM
429/2022	16-03-2022	Orde de execución polo mal estado no que se atopa o muro de cachotería sito en Graduill, entre a marxe do camiño público municipal 1C 1.0182 e un dos laterais do polígono de Cambre. Propiedade: CP polígono de Graduill
430/2022	16-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dun cerramento lindeiro entre as parcelas, así como a colocación de dous portais de acceso ao interior da parcela, un cerramento vexetal na cara interior dun pacial do peche perimetral que linda co camiño público municipal 1C.1.0366, na parcela sita en Pardas (San Lourenzo) sen axustarse ás obras comunicadas en expte 2015/U017/000135. Propiedade: FCY e MLFL
431/2022	17-03-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Pombo, Pravio. Propiedade: MST/MdeICSG
432/2022	17-03-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 17 de marzo de 2022
433/2022	17-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
434/2022	17-03-2022	Modificación substancial condicións laborais 0000106/2022-J JAGM
435/2022	17-03-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 10.882,49 €

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentados pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria da obra "Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre" Expediente: 2021/C002/000207
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "*Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.*" adxudicataria do **LOTE 1** denominado "Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría" do contrato mixto

de servizos e suministros para a "Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana "Galaicoi". Expediente 2019/C004/000012

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de "Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre." á empresa Adiante Solucions S.L., pola oferta económica de 14.840,00 sen IVE, 17.956,40 €, IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000012

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de "Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos", á empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC), no prezo ofertado de 9.090,91 € sen IVE, 11.000,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000016

- Proposta de prórroga por un ano máis do contrato suscrito coa entidade "Automoviles Sigrás Carral, S.A, y Autos Cal Pita, S.A. UTE Ley 18/1982 de 26 de mayo" para o "Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre". Expediente: 2019/C004/000026.

- Proposta de adxudicación do "Servizo de mantemento e reparación de gabias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre", a prol do licitador "Mantenimiento Forestal MG, SL" nos prezos unitarios ofertados, tendo en conta que o orzamento base de licitación máximo do contrato é de 32.990,40 euros sen IVE, 39.918,39 euros IVE incluído. Expte: 2021/C004/000023.

- Proposta de adxudicación da obra de "Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre" a prol do licitador "BCN Gestión y Soluciones Avanzadas SL" no prezo total ofertado de 60.129,67 euros sen IVE, 72.756,90 euros IVE incluído. Expte: 2021/C003/000015.

- Proposta de adxudicación da obra de "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela. Fase I" a prol do licitador "Gestal y López, SL" no prezo total ofertado de 11.076,73 euros sen IVE, 14.491,84 euros IVE incluído. Expediente: 2021/C003/000017.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentados pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria da obra "Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre" Expediente: 2021/C002/000207

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/00207 para a contratación da obra "Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre" Expediente: 2021/C002/000207

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07 de decembro de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa "*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*"

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras

públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Gallega de Coordinacións, S.L ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre 202299900001272 de fecha 15/03/2022.

Visto o informe favorable emitidos con data 18 de marzo de 2022 pola Arquitecta Técnica Municipal, directora de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*”, adxudicataria da obra “Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre”.Expediente: 2021/C002/000207.

Segundo: Notificar este acordo á empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*” e a entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “*Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.*” adxudicataria do LOTE 1 denominado “*Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría*” do contrato mixto de servizos e suministros para a “Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das

infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana "Galaicoi". Expediente 2019/C004/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 16 de xullo de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade "Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L." adxudicataria do **LOTE 1** denominado "Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría" do contrato mixto de servizos e suministros para a "Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana "Galaicoi".

Expediente 2019/C004/000012

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva prestada mediante Fianza con data 12.07.2019 por importe de 980,00 euros, con número de rexistro 895, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Técnico en Promoción Económica, José Luis González Cardalda, con data do 10 de febreiro de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 14 de marzo de 2022.

A teor do establecido nos arts. 111, 210.3 e 311.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva polo importe de 980,00 euros, depositada pola entidade "Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.", con NIF B96897236 e enderezo social en rúa San Martín nº 25, Alaquàs, 46970, Valencia, no expediente número 2019/C004/000012, adxudicataria do **LOTE 1** denominado "Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría" do contrato mixto de servizos e suministros para a "Organización do Mercado Galaico - Romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romería Galaico - Romana "Galaicoi". Expediente 2019/C004/000012.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao servizo de “Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre.” á empresa Adiante Solucions S.L., pola oferta económica de 14.840,00 sen IVE, 17.956,40 €, IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 03/02/2022 se asina polo arquitecto municipal, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e o Alcalde do concello o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente ao servizo de “Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre” elaborado polo arquitecto municipal, cun importe de licitación de 14.995,81 euros sen IVE, 18.144,93 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 8 meses, no que se motiva a necesidade do contrato.

(...)

A dita contratación considérase necesaria para a posterior planificación das labores de mantemento xeral, preventivo e correctivo dos edificios titularidade do Concello de Cambre.

(...)

As necesidades a cubrir son as xa mencionadas.

(...)

O Obxeto e contido do contrato e axeitado as necesidades manifestadas.

(...)

Con data 04/02/2022 emitese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 920 22706 (Estudios y trabajos técnicos Admin. General)

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 03/03/2022 emítese informe polo arquitecto municipal , no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Adiante Solucions S.L.
- Artellar 2000 S.L.U.
- Meiriño Asesores S.L.P.

E que presentarán oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	OFERTA
Adiante Solucions S.L.	17.956,40
Artellar 2000 S.L.U.	17.962,45
Meiriño Asesores S.L.P.	18.023,92

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo do servizo "Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre", a empresa Adiante Solucions S.L. co enderezo na Rúa Estocolmo, nº 8, planta baixa, 15707, Santiago de Compostela, pola oferta económica de 14.840,00 sen IVE, 17.956,40 € (IVE incluído), por ser a empresa que presentou a mellor oferta económica, tendo en conta o único criterio, o facto prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 17 de marzo de 2022, e mailo informe de fiscalización nº 98/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 19 de marzo de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente á “Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre.” elaborada polo arquitecto municipal, cun importe de licitación de 14.995,81 euros sen IVE, 18.144,93 euros IVE incluído e a necesidade de contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo na aplicación orzamentaria 920 22706 (Estudios y trabajos técnicos Admin. General)

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor mixto, expediente 2022/C002/000012, da subministración e servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente á contrato menor correspondente ao servizo do servizo “Asistencia técnica para a elaboración dun inventario de características técnicas dos edificios municipais do concello de Cambre”, a empresa Adiante Solucions S.L. co enderezo na Rúa Estocolmo, nº 8, planta baixa, 15707, Santiago de Compostela, pola oferta económica de 14.840,00 sen IVE, 17.956,40 € (IVE incluído), e un prazo de execución de 8 meses, por ser a empresa que presentou a mellor oferta, tendo en conta o único criterio, o facto prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao servizo de “Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos”, á empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC), no prezo ofertado de 9.090,91 € sen IVE, 11.000,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000016

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 23/02/2022 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas, a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá e concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas, cun importe de licitación de 9.150,03 euros sen IVE, 11.071,54 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días naturais, no que se motiva a necesidade do contrato nos seguintes termos:

“(…)

A xustificación do contrato ven determinada pola necesidade de equipar á brigada de obras e servizos da Concellaría de Obras e Servizos, así como aos vixiantes de obras da Concellaría de Urbanismo, con medios para desprazamento na localidade para a execución das súas actuacións.

O 28 de febreiro de 2019, o Concello de Cambre adheriuse ao Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía (PACE), asumindo con esa adhesión, o compromiso voluntario de reducir as emisións de CO2 un 40 % antes do ano 2030, mediante a mellora da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovable no seu territorio.

Entre as accións que se estableceron no Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Cambre, a medida TPTEM 1 insta á necesidade de renovar a frota municipal de vehículos adquirindo vehículos híbridos ou eléctricos, sendo esta unha das estratexias con impacto máis directo para a redución da taxa de emisións de CO2.

Con data 15/11/2021 incóase o segundo expediente (2021/C005/000016) aberto de contratación para a adquisición de dous vehículos eléctricos, establecéndose como criterio de adjudicación nas prescricións que rexeron devandito procedemento a entrega, como mellora sen custo para a administración, por parte das entidades licitadoras das tomas de recarga para os vehículos.

O mencionado expediente de contratación adjudícase o día 3 de xaneiro de 2022, ofertando a empresa adjudicataria a entrega dunha única toma de recarga. Dado que con este contrato adquiríronse dous vehículos, unha furgoneta eléctrica destinada á brigada de obras para a que a empresa adjudicataria si entregou o necesario punto de recarga que xa foi instalado na base da brigada de obras, e un vehículo utilitario destinado ao departamento de urbanismo para o que non se dispón do equipamento para a súa recarga, faise necesario dotarse deste elemento coa maior brevidade posible

A dita contratación considérase necesaria e urxente dado que o non dispoñer dun punto de carga que impide o uso do vehículo adquirido por parte do persoal municipal. Asemade, dita contratación considérase non previsible por ter sido incluída a subministración obxecto deste contrato menor como mellora nun procedemento aberto de contratación.

“(…)

As necesidades a cubrir co presente contrato inclúen a subministración, montaxe, colocación e legalización dos diferentes compoñentes necesarios para a instalación dun poste de recarga exterior trifásica, modelo CIRCUTOR URBAN 4G ou equivalente, con capacidade para resistir as diversas condicións ambientais exteriores así como posibles actos vandálicos, incluso protecciónes.

As características mínimas dos elementos a subministrar, montar e colocar neste contrato especificaranse de maneira detallada na prego de prescricións técnicas.

(...)

Con data 17/02/2022 emitese documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1532 62900 (O inversion. novas asociad al funciona. operativo servicios).

Con data 11/03/2022 emítese informe pola enxeñeira técnica de obras públicas, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)
- Celso Núñez, S.L.
- Gaelco Electricidade, S.L.

E que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)	9.090,91 €	11.000,00 €

Formulando proposta de adxudicación do contrato correspondente ao servizo de "Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos", á empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC), con NIF B 15025661 e domicilio R/ Ermida, 34, 15008, A Grela, A Coruña, no prezo ofertado de 9.090,91 € sen IVE, 11.000,00 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo".

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental con de data de 17 de mazo de 2022, e mailo informe de fiscalización nº 97/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 19 de marzo de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do

Concello , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente ao servizo de “Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos”, elaborada elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas, cun importe de licitación de 9.150,03 euros sen IVE, 11.071,54 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días naturais, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 62900 (O inversion. nuevas asociad al funciona. operativo servicios).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000016, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato correspondente ao servizo de “Instalación punto de recarga exterior para vehículos eléctricos”, á empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC), con NIF B 15025661 e domicilio R/ Ermida, 34, 15008, A Grela, A Coruña, no prezo ofertado de 9.090,91 € sen IVE, 11.000,00 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas , dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de prórroga por un ano máis do contrato suscrito coa entidade “Automoviles Sigrás Carral, S.A, y Autos Cal Pita, S.A. UTE Ley 18/1982 de 26 de mayo” para o “Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre”. Expediente: 2019/C004/000026.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C004/000026, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Automoviles Sigrás Carral, S.A, y Autos Cal Pita, S.A. UTE Ley 18/1982 de 26 de mayo”, con NIF U01641349, o contrato para a execución do “Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre”, polos importes que se relacionan a continuación, asinándose o correspondente contrato con data 1/07/2020.

1) Presuposto total máximo anual polos itinerarios preestablecidos:

- Prezo sen IVE : 6.895,74 €
- IVE (10 %) : 689,56 €
- Total : 7.585,20

O antedito importe foi calculado con base nos seguintes prezos unitarios :

Nº	ACTIVIDADE	PERCORRIDO	HORARIOS	KM	PREZO UNITARIO SEN IVE	PREZO UNITARIO IVE 10%	UNIDADE	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IMPORTE TOTAL 10% IVE
1	Actividades en periodos vacacionais	Centros escolares dentro do municipio	De mañán a ida e de tarde a volta	20	111,22 euros	122,34 euros	62	6895,64	7.585,20 euros

2) Parámetros para itinerarios non preestablecidos:

- prezo base (Pb) para media xornada : 143,92 € IVE incluído
- prezo base (Pb) para xornada completa : 248,15 € IVE incluído
- incremento por cada hora de exceso do prezo base : 29,14 € IVE incluído

Visto que na Cláusula IV do contrato en vigor, e de conformidade coa cláusula 6 del prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 6 do cadro de características do contrato, na que se establece o prazo de execución do contrato en dous anos, contados a partir do día seguinte á data da súa formalización en documento administrativo, podendo prorrogarse anualmente en anos sucesivos por outros dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado polo menos tres meses antes da finalización do contrato principal ou da súa prórroga, e será obrigatoria para o contratista, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Visto que o citado contrato se formalizou con data de 1 de xullo de 2.020.

Visto o escrito presentado con data 3/03/2022 e número de rexistro 202299900001032 por don Arturo Míguez Corral, en representación da entidade adxudicataria "Automoviles Sigrás Carral, S.A, y Autos Cal Pita, S.A. Unión Temporal de Empresas Ley 18/1982 de 26 de mayo", no que solicita "a primeira prórroga anual, dende o 1 de Xullo de 2022 a 30/06/2023".

Visto o informe favorable emitido con data 8 de marzo de 2022 polo responsable do contrato, coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, no que consta que: "o adxudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contractuais e o seu traballo foi satisfactorio, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como se establece no correspondente prego de cláusulas administrativas".

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 17 marzo de 2022 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número JUA 105/2022 e data do 21 de marzo de 2022.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Automoviles Sigrás Carral, S.A, y Autos Cal Pita, S.A. UTE Ley 18/1982 de 26 de mayo", con NIF U01641349 e domicilio social en Avda. de Almeiras núm. 3 – 15180 Culleredo (A Coruña), para o "Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre" (Expediente 2019/C004/000026), do 2/07/2022 ata o 2/07/2023.

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato e máis á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Proposta de adxudicación do “Servizo de mantemento e reparación de gabias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Mantenimiento Forestal MG, SL” nos prezos unitarios ofertados, tendo en conta que o orzamento base de licitación máximo do contrato é de 32.990,40 euros sen IVE, 39.918,39 euros IVE incluído. Expte: 2021/C004/000023.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000023 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), do “Servizo de mantemento e reparación de gabias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 32.990,40 euros sen IVE, 39.918,39 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de desbroce de gabias en ámbalas dúas marxes, prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de apertura, perfilado e limpeza de gabias e prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de limpeza, eliminación e de material de gabias) que consta na acta do órgano de asistencia de data 18 de novembro de 2021, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador “Mantenimiento Forestal MG, SL” nos prezos unitarios ofertados, tendo en conta que o orzamento base de licitación máximo do contrato é de 32.990,40 euros sen IVE, 39.918,39 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na Cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida.

En concreto a documentación foi presentada a través da sede electrónica do Concello de Cambre con data 8 de decembro de 2021 e número de rexistro de entrada 202199900006645, da que se deriva que a empresa “Mantenimiento Forestal MG, SL” cumpre coa solvencia económica e financeira establecida no prego de cláusulas administrativas particulares que rixen no presente expediente.

Visto que con data do 13 de decembro de 2021 emítese informe pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal no que, trala valoración da documentación presentada, conclúe a acredita a solvencia técnica así como a suficiencia de medios establecidos no PCAP.

Visto o certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público de data 18/11/2021.

Visto o informe da Tesourería Municipal de data 26/01/2022, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin na data final de presentación de ofertas nin na actual.

Visto o informe – proposta emitido pola secretaria accidental con data de 27 de xaneiro de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor municipal con data de 21 de marzo de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 18 de novembro de 2021 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 14 e 15 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo aportado a declaración responsable e a proposición conforme aos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP:

- EMDESFOR 2002, S.L.
- Mantenimiento Forestal MG, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 18 de novembro de 2021 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do PCAP, (prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de desbroce de gabias en ámbalas dúas marxes, prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de apertura, perfilado e limpeza de gabias e prezo unitario de execución material por metro lineal de dobre gabia en traballos de limpeza, eliminación e de material de gabias), co seguinte resultado:

Prezo licitación (con IVA)	P.U. por m.l. Desbroce en ambas marxes		P.U. por m.l. Apertura, perfilado e limpeza		P.U. por m.l. Limpieza e eliminación de material		TOTAL PUNTOS
	0,28 €	30 puntos	2,57 €	50 puntos	0,48 €	20 puntos	
EMDESFOR 2002, SL	0,26 €	24,23	2,38 €	47,90	0,46 €	16,96	89,09
MANTENIMIENTO FORESTAL MG, SL	0,21 €	30,00	2,28 €	50,00	0,39 €	20,00	100,00

así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, non atopándose en dito suposto ningunha das proposicións presentadas:

	EMDESFOR			MANTENIM. FORESTAL			Baixa 20%	Límite temeraria
	Prezo con IVE	Medición	Total	Prezo con IVE	Medición	Total		
Desbroce ambas márxes	0,2662 €	12.000	3.194,40 €	0,2178 €	12.000	2.613,60 €	638,88 €	2.555,52 €
Apertura, perfilado e	2,3885 €	12.000	28.662,48 €	2,2869 €	12.000	27.442,80 €	5.732,50 €	22.929,98 €

limpeza								
Limpieza e eliminación de material	0,4683 €	12.000	5.619,24 €	0,3993 €	12.000	4.791,60 €	1.123,85 €	4.495,39 €

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data 18 de novembro de 2021 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas:

Orden	Licitador	Puntos
1º	Mantenimiento Forestal MG, S.L.	100
2º	EMDESFOR, S.L.	89,09

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada con data 18 de novembro de 2021 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, adjudicar o contrato de “**Servizo de mantemento e reparación de gabias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre**” (exp. 2021/C004/000023) a favor da empresa “**Mantenimiento Forestal MG, S.L.**”, nos prezos unitarios que se relacionan a seguir, tendo en conta que o orzamento base de licitación máximo do contrato é de 32.990,40 euros sen IVE, 39.918,39 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación establecidos na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

a) Importe por metro lineal de dobre gabia en traballos de desbroce de gabias en ambas márxes (ambos lados):

- Prezo sen IVE :	0,1800 euros
- IVE :	0,0378 euros
- Total :	0,2178 euros

b) Importe por metro lineal de dobre gabia en traballos de apertura, perfilado e limpeza de gabias (ambos lados):

- Prezo sen IVE :	1,8900 euros
- IVE :	0,3969 euros
- Total :	2,2869 euros

c) Importe por metro lineal de dobre gabia en traballos de limpeza, eliminación de material de gabias (ambos lados):

- Prezo sen IVE :	0,3300 euros
- IVE :	0,0693 euros
- Total :	0,3993 euros

Cadro-resumen de prezos unitarios ofertados :

Denominación	Prezo unitario ofertado (excluído 21 % de IVE)	IVE (21 %)	Prezo Unitario Ofertado (incluído 21 % IVE)
a) Desbroce de gabias en ambas márxes (ambos lados)	0,1800 €	0,0378 €	0,2178 €

(importe apartado a)			
b) Apertura, perfilado e limpeza de gabias (ambos lados) (importe apartado b)	1,8900 €	0,3969 €	2,2869 €
c) Limpeza, eliminación de material de gabias (ambos lados) (importe apartado c)	0,3300 €	0,0693 €	0,3993 €

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Sexto: De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co artigo 62 da LCSP, désignase como responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa cláusula 19.5 do PCAP, unha vez aceptada a adxudicación do servizo, o contratista adxudicatario deberá iniciar a súa execución dentro dos quince (15) días hábiles seguintes.

De conformidade coa cláusula 20 do PCAP, no presente servizo establécense como condicións especiais de execución as que se indican a continuación, por estar relacionadas co obxecto do contrato e coa finalidade de conseguir a mellor relación calidade-prezo do servizo a contratar:

- Na execución do contrato, a empresa contratista ou subcontratista, garantirá a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.

Para isto, aportarase, coa aceptación do contrato, unha declaración responsable da empresa asumindo o compromiso de cumprir con ditas medidas.

Para a súa comprobación, o contratista terá que aportar á finalización do contrato unha declaración responsable do seu cumprimento, conformada por un representante dos traballadores da empresa.

Estas obrigas son consideradas como obrigas esenciais, que de incumprilas, poderán dar lugar á resolución do contrato por causa imputable ao contratista, de conformidade co establecido no artigo 211 LCSP, coas consecuencias legalmente previstas.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato e máis á Intervención Municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

G) Proposta de adxudicación da obra de “Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre” a prol do licitador “BCN Gestión y Soluciones Avanzadas SL” no prezo total ofertado de 60.129,67 euros sen IVE, 72.756,90 euros IVE incluído. Expte: 2021/C003/000015.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000015 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), da obra “Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 63.497,83 euros sen IVE, 76.832,37 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica, estabilidade no emprego e incremento do prazo de garantía) e que consta na acta do órgano de asistencia de data 11 de xaneiro de 2021, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador BCN Gestión y Soluciones Avanzadas SL, no prezo total ofertado de 60.129,67 euros sen IVE, 72.756,90 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na Cláusula 10 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida. En concreto a documentación foi presentada pola empresa a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 19 de xaneiro de 2022 e completada con data 20 de xaneiro de 2022 a través da sede electrónica do Concello de Cambre con número de rexistro de entrada 202299900000249.

Visto que con data do 25 de xaneiro de 2022 emítase informe polo arquitecto municipal no que, trala valoración da documentación presentada, conclúe que os medios comprometidos pola empresa BCN Gestión y Soluciones Avanzadas SL. para a execución da obra se corresponden cos requiridos nas Prescricións Técnicas.

Visto que consta no expediente certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público con data 12/01/2022 e certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia con data 12/01/2022, referido á data final de presentación da oferta e ao momento actual.

Visto que tamén consta no expediente o informe da Tesourería Municipal de data 24/01/2022, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin á data da oferta nin na actual.

Visto o informe-proposta emitido pola secretaria accidental con data de 31 de xaneiro de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor municipal con data de 21 de marzo de 2022, así como o documento de retención de crédito emitido na mesma data con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 11 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo aportado a declaración responsable e a proposición conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A e II.B do PCAP:

- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Jardinería Arce, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 11 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, (oferta económica, estabilidade no emprego e incremento do prazo de garantía), co seguinte resultado, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, non atopándose en dito suposto ningunha das proposicións presentadas:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA			EMPLEO		PLAZO GARANTIA		TOTAL
	OFERTA	% BAJA	PUNTO S	%FIJO	PUNTO S	AUMENTO	PUNTO S	
BCNOR, Gestion y soluciones avanzadas S.L.	72.756,90	5,30	75,00	83,33	15,00	4	10,00	100,00
Eulogio Viñal, Obras y construcciones S.L.	76.832,37	0,00	0,00	61,76	12,35	0	0,00	12,35
Jardinería Arce S.L.	76.771,	0,08	49,31	79,02	15,00	0	0,00	64,31

Tendo en conta o disposto na Cláusula 15.4.2 e de conformidade co establecido no art. 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas, segundo a cal se considerarán, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos: (...)

“Cando concurren tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se excluírá para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais”.

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data 11 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas:

	Oferta económica	Estabilidade en el empleo	Incremento plazo de garantía	TOTAL
BCNOR, Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	75	15	10	100
Jardinería Arce S.L..	49,31	15	0	64,31
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.L	0	12,35	0	12,35

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 11 de xaneiro de 2022, adjudicar o contrato de **“Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre”** (exp. 2021/C003/000015) a favor da empresa **“BCN Gestión y Soluciones Avanzadas SL”**, no prezo total ofertado de 60.129,67 euros sen IVE, **72.756,90 euros IVE incluído**, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación establecidos na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, na estabilidade do emprego (83,33%) e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos.

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adjudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

De conformidade coa Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte. 2206/21) de data 05/10/2021 pola que se autoriza a intervención, a execución das obras non poderá iniciarse ata que sexa autorizado o Proxecto de Control e Seguimento Arqueolóxico, que deberá remitir o Concello.

Así mesmo, deberá achegarse, unha vez rematadas as obras e no prazo de seis meses, unha memoria final das obras executadas de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Sexto: Désígnase ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, como director de obra e responsable do contrato, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións SL”, adxudicataria do expediente núm. 2020/C004/000022 para o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”. Así mesmo, o control de calidade da obra exercerase pola entidade “3C Calidad y Control Sociedade Cooperativa Galega”, adxudicataria do expediente núm. 2020/C004/000021 para o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello (2021-2022)”.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, así como ás entidades adxudicatarias da coordinación da seguridade e saúde da obra e do control de calidade da mesma, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

H) Proposta de adxudicación da obra de “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela. Fase I” a prol do licitador “Gestal y López, SL” no prezo total ofertado de 11.076,73 euros sen IVE, 14.491,84 euros IVE incluído. Expediente: 2021/C003/000017

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000017 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (oferta económica), da obra “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela. Fase I”, cun orzamento base de licitación de 11.076,73 euros sen IVE, 14.491,84 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 10 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica), que consta na Acta do órgano de asistencia

de data 24 de xaneiro de 2022, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador "Gestal y López, SL", no prezo total ofertado de 11.076,73 euros sen IVE, 14.491,84 euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada obtendo a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na Cláusula 10 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 8 de febreiro de 2022.

Asímesmo, consta no expediente certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) e certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comundiade Autónoma de Galicia, ámbolos dous de data 24/01/2022.

Da documentación obrante no expediente conclúese que a entidade adxudicataria está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

De acordo co establecido na cláusula 16.1.4 do prego de cláusulas administrativas particulares e en concordancia co artigo 159.6.b) de la LCSP, os licitadores quedan eximidos de acreditar a súa solvencia.

Con data do 17 de febreiro de 2022 emítese informe polo arquitecto municipal no que, trala valoración da documentación presentada, conclúe que os medios comprometidos pola empresa "Gestal y López, SL" para a execución da obra correspóndense cos requiridos nas Prescripciones Técnicas.

Tamén consta no expediente o informe da Tesourería Municipal de data 2/03/2022, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin á data da oferta nin na actual.

Consta informe-proposta emitido pola secretaria accidental con data de 3 de marzo de 2022.

Consta, así mesmo, informe de fiscalización favorable emitido polo interventor municipal con data de 21 de marzo de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 24 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela á oferta presentada por "Gestal y López, S.L" por ter presentado o arquivo ou sobre electrónico C coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo aportado a declaración responsable e a proposición conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A y II.B del PCAP.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 24 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a valoración da única oferta presentada e admitida na presente

licitación, que obtén 100 puntos, tendo en conta o único criterio de adxudicación (oferta económica) que contempla a cláusula 10 e ANEXO IV do PCAP, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, non atopándose en dita circunstancia a única proposición presentada.

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 24 de xaneiro de 2022, adxudicar o contrato de “**Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela. Fase I**” (exp. 2021/C003/000017) a favor da empresa “**Gestal y López, SL**”, con NIF B15464795 e enderezo en Lugar de Queirúa S/N, 15680 Ordes (A Coruña), no prezo total ofertado de 11.076,73 euros sen IVE, 14.491,84 euros, por ser a única oferta presentada, obtendo a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación (oferta económica) establecido na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Con carácter previo ao inicio da execución do contrato, o adxudicatario deberá darse de alta no IAE, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial do Concello de Cambre, achegando, a tal efecto, o correspondente xustificante; isto, de conformidade co establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Quinto: Desígnase ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, director de obra e responsable do contrato, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións SL”, adxudicataria do expediente núm. 2020/C004/000022 para o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”. Así mesmo, o control de calidade da obra exercerase pola entidade “3C Calidad y Control Sociedade Cooperativa Galega”, adxudicataria do expediente núm. 2020/C004/000021 para o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello (2021-2022)”.

Sexto: Notificar os presentes acordos ao único licitador presentado, así como ás entidades adxudicatarias da coordinación da seguridade e saúde da obra e do control de calidade da mesma, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López